Infórmase desfavorablemente o solicitado na alegación xa que se dan razóns obxectivas para a súa consideración como rústico especialmente protexido de carácter agropecuario, non en van os predios localízanse a máis de 200 metros da liña poligonal paralela á circunscrición do núcleo de Figueiroa, polo que aínda que non fosen consideradas como solo rústico especialmente protexido tampouco poderían ser incluídas dentro da delimitación do solo de núcleo rural de acordo co previsto na lexislación urbanística vixente.

ALEGACIÓN Nº 73 (Registro de entrada nº 1524)

Asinada por D^a. **ELVIRA GONZÁLEZ LOJO**

En relación coa incorporación de varios predios do lugar de Tállara dentro da delimitación do solo de núcleo rural.

INFORME:

Infórmase desfavorablemente o solicitado na alegación xa que os predios se localizan a máis de 200 metros da liña poligonal paralela á circunscrición do núcleo de Tállara, polo que non poden ser incluídos dentro da delimitación do solo de núcleo rural, de acordo co previsto na lexislación urbanística vixente.

ALEGACIÓN Nº 74 (Registro de entrada nº 1525)

Asinada por D. **JOSÉ MARÍA TEIRA DÍAZ**

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

En relación coa incorporación de dous predios do lugar de Servia dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 75 (Rexistro de entrada nº 1526)
Asinada por D^a. **M^a LUISA MARTÍNEZ ROMERO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Pascual dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 76 (Rexistro de entrada nº 1527)
Asinada por D. **DOMINGO CALVO MAROÑAS**

En relación coa incorporación de varios predios do lugar de Sedofeito dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase desfavorablemente o solicitado na alegación xa que a zona de expansión proxectada para o núcleo rural de Sedofeito, de acordo coa súa morfoloxía, estendese ao longo do vial municipal que une co núcleo de Fontefría e non ó longo Estrada C-543 (Santiago-Noia), atopándose precisamente ditos predios ao outro lado da citada estrada.

ALEGACIÓN Nº 77 (Rexistro de entrada nº 1529)
Asinada por D. **ANDRÉS REY SOMOZA**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Merelle dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

ALEGACIÓN Nº 78 (Rexistro de entrada nº 1530)
Asinada por D. **RAÚL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Comparada dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 79 (Rexistro de entrada nº 1531)
Asinada por D^a. **AURELIA LOJO CASTRO**

En relación coa incorporación completa dun predio do lugar de Guiende dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de ampliar a delimitación do núcleo rural, recollendo por completo a finca nº 1293 do plano de catastro, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 80 (Rexistro de entrada nº 1532)
Asinada por D. **JOSÉ CAO REGUEIRA**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural dun predio do lugar de Froxán.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 81 (Rexistro de entrada nº 1533)
Asinada por D^a. **ISABEL TUBÍO RODRÍGUEZ**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural dun predio do lugar de Vilar de Reconco.

INFORME:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 82 (Rexistro de entrada nº 1534)
Asinada por D^a. **ISABEL TUBÍO RODRÍGUEZ**

En relación coa incorporación completa dun predio do lugar de Escabia dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 83 (Rexistro de entrada nº 1535)
Asinada por D^a. **M^a FILGUEIRA PIÑEIRO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Sanguiñal dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 84 (Rexistro de entrada nº 1536)
Asinada por D^a. **M^a ESPERANZA GARCÍA ABEIJÓN**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Marracín de Arriba dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural consolidado, así como a ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural noutro predio do mesmo lugar.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 85 (Rexistro de entrada nº 1537)
Asinada por D^a. **MARÍA VIDAL RIVAS**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Servia dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 86 (Rexistro de entrada nº 1538)
Asinada por D. **JOSÉ M^a BECERRA SAR**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Servia dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 87 (Rexistro de entrada nº 1539)
Asinada por D^a. **M^a CARMEN CREO NIMO**

En relación coa incorporación de dous predios do lugar de Froxán dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 88 (Rexistro de entrada nº 1540)
Asinada por D. **FRANCISCO RODRÍGUEZ FIGUEIRA**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Sanguiñal dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR1.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar o predio dentro da delimitación do solo de núcleo rural, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM, pero incluíndo o mesmo dentro da zona de expansión do núcleo (ZR2).

ALEGACIÓN Nº 89 (Rexistro de entrada nº 1541)

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

Asinada por D. **RAMÓN FIGUEROA PÉREZ**, en representación veciños do lugar de **Comparada**

En relación coa incorporación de varios predios do lugar de Comparada dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM incluíndose exclusivamente os predios que se localizan a menos 200 metros da liña poligonal paralela á circunscrición do núcleo de Comparada, de acordo co previsto na lexislación urbanística vixente.

ALEGACIÓN Nº 90 (Registro de entrada nº 1542)

Asinada por D. **JOSÉ BERNALDO CASTRO CAMPOS**

En relación co cambio de categoría de solo rústico de protección forestal a solo rústico de protección agropecuaria de dúas zonas da parroquia de Lesende.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación xa que se trata efectivamente dun erro no grafitado nos planos de ordenación, merecendo ditos terreos a cualificación de solo rústico de protección agropecuaria.

ALEGACIÓN Nº 91 (Registro de entrada nº 1543)

Asinada por D. **ANTONIO CAAMAÑO GALLARDO**, en representación da **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común dos lugares de Béxeres, Quintáns e Horta**

En relación coa eliminación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural dunha zona pertencente ao monte veciñal do lugar de Horta e a cualificación de dous espazos dos lugares de Horta e Béxeres como espazos libres e zonas verdes.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que é conforme a dereito.

ALEGACIÓN Nº 92 (Registro de entrada nº 1544)

Asinada por D. **MANUEL QUINTEIRO GARCÍA**

En relación coa incorporación de dous predios do lugar de Fontefría dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar dentro da delimitación do solo de núcleo rural o predio por riba da última casa do lugar por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM, pero infórmase desfavorablemente a solicitude de incorporar o outro predio lindante coa Estrada C-543 (Santiago-Noia) xa que a zona de expansión proxectada para o núcleo rural de Fontefría, de acordo coa súa morfoloxía, non se estende ao longo da citada estrada.

ALEGACIÓN Nº 93 (Rexistro de entrada nº 1545)
Asinada por D^a. **CARMEN OUTEIRAL CASTRO**

En relación coa incorporación completa de dous predios do lugar de Guiende dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 94 (Rexistro de entrada nº 1546)
Asinada por D. **DOMINGO FERREIRA CREO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Ces dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 95 (Rexistro de entrada nº 1547)
Asinada por D. **JOSÉ BRENLLA CANABAL**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Merelle dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase desfavorablemente o solicitado na alegación xa que se dan razóns obxectivas para a súa consideración como rústico especialmente protexido de carácter agropecuario, non en van o predio a penas dispón de fronte suficiente a vial público.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

ALEGACIÓN Nº 96 (Registro de entrada nº 1548/1549¹)

Asinada por D. **RAMÓN CAAMAÑO MARIÑO, en representación do grupo político BNG**

En relación cunha serie de matizacións en relación cos documentos da memoria xustificativa, da normativa urbanística e da estratexia de actuación e estudo económico.

INFORME:

Temos que dicir que tódalas observacións realizadas en relación co proxecto do PXOM parécenos razoables e conformes cos obxectivos e criterios do PXOM, así pois recóllense no documento as mesmas, si ben reduciuse a zona proposta para clasificar como solo rústico de protección de espazos naturais, por entender que obxectivamente moitos dos terreos propostos teñen valores importantes productivos sen prexuízo dos seus valores, claro está, naturais, ecolóxicos, ambientais e mesmo recreativos. Así mesmo, entendemos que a declaración de “monumento natural” do espazo que se propón debe tramitarse a través doutro expediente e non do propio PXOM.

ALEGACIÓN Nº 97 (Registro de entrada nº 1550)

Asinada por D. **GÉMINO HIGINIO DÍAZ COSTA**

En relación coa incorporación de dous predios do lugar de Tállara dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar dentro da delimitación do solo de núcleo rural na zona de expansión (ZR2) o predio nº 1072 do plano catastral, informándose desfavorablemente a incorporación do predio nº 284 do plano catastral, xa que o mesmo se localiza a máis de 200 metros da liña poligonal paralela á circunscrición do núcleo de Tállara, polo que non pode ser incluído dentro da delimitación do solo de núcleo rural, de acordo co previsto na lexislación urbanística vixente.

ALEGACIÓN Nº 98 (Registro de entrada nº 1551)

Asinada por D^a. **M^a ANGELES BOUZAS VEIGA**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Sedofeito dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

¹ Aínda que existen dous rexistros de entradas trátase do mesmo escrito de alegacións.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

ALEGACIÓN Nº 99 (Rexistro de entrada nº 1555)
Asinada por D^a. **MARINA SOBRADELO MARIÑO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Froxán dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 100 (Rexistro de entrada nº 1557)
Asinada por D. **JOSÉ ANTONIO VILACHÁN ALFONSÍN**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Guiende e outro do lugar de A Barreira dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 101 (Rexistro de entrada nº 1558)
Asinada por D. **RAMÓN VÁZQUEZ LAÍÑO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de A Cabaleriza dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 102 (Rexistro de entrada nº 1559)
Asinada por D^a. **BLANCA ABELJÓN RODRÍGUEZ**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Figueiroa dentro da delimitación do solo de núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar parte do predio dentro da delimitación do núcleo rural por considerar que a petición resulta conforme cos

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

obxectivos e criterios do PXOM, deixando fora da delimitación do solo de núcleo rural, de acordo co establecido na lexislación vixente, a parte do predio que se localiza a máis de 200 metros da liña poligonal paralela á circunscrición do núcleo de Tállara.

ALEGACIÓN Nº 103 (Rexistro de entrada nº 15 60)
Asinada por D^a. **MARÍA VÁZQUEZ TUBÍO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Froxán dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 104 (Rexistro de entrada nº 1561)
Asinada por D. **LUIS CAAMAÑO MARTÍNEZ, en representación de GAMESA ENERGÍA, S.A.**

En relación coa incorporación como solo rústico de especial protección de infraestructuras as áreas do actual Parque Eólico “Monte Treito” e toda a área de investigación actualizada obxecto dunha futura ampliación.

INFORME:

Procedese a incluír toda a area de investigación en varias categorías de solo rústico, aplicándose os correspondentes réximes de forma complementaria, no caso de que se produzan contradicións entre ditos réximes, prevalecerá a que lle outorgue maior protección, de acordo co establecido na lexislación urbanística.

ALEGACIÓN Nº 105 (Rexistro de entrada nº 1567)
Asinada por D. **JOSÉ LUIS LORENZO ABEIJÓN**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural en dous predios do lugar de Guiende.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 106 (Rexistro de entrada nº 1568)

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

Asinada por D. **DARÍO RODRÍGUEZ VIDAL**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Millón dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 107 (Registro de entrada nº 1570)

Asinada por D^a. **CARMEN MARÍA CASTRO ABEIJÓN e outros dous.**

En relación coa incorporación dunha zona do lugar de Marracín de Arriba dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de ampliar a delimitación do solo clasificado como núcleo rural a parte da zona indicada no escrito, excluíndose de dita delimitación os terreos considerados como solos rústicos especialmente protexidos de augas e de carácter agropecuario, por estar sometidos, respectivamente, a un réxime específico de protección incompatible coa súa urbanización, de acordo coa lexislación reguladora de augas, e por os seus valores productivos.

ALEGACIÓN Nº 108 (Registro de entrada nº 1571)

Asinada por D^a. **MARÍA DEL CARMEN CIERTO CASTAÑO**

En relación coa incorporación completa dun predio do lugar de Béxeres dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural consolidado.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme a dereito.

ALEGACIÓN Nº 109 (Registro de entrada nº 1572)

Asinada por D. **JOSÉ FERNÁNDEZ FABEIRO**

En relación coa incorporación dun predio do lugar de Lesende dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado así como a ampliación da delimitación do solo de núcleo rural noutra zona do mesmo lugar.

INFORME:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 110 (Rexistro de entrada nº 1573)
Asinada por D. **TOMÁS CASTRO NIETO**

En relación coa incorporación completa dun predio do lugar de Portobravo dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR1 e a eliminación dun vial na mesma zona.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 111 (Rexistro de entrada nº 1574)
Asinada por D. **ANTONIO NIMO CASTRO**

En relación coa incorporación completa das fincas nº 1568, 1569 e 1570 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2, así como a incorporación de finca nº 1446 do mesmo plano dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR1.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar as fincas nº 1568, 1569 e 1570 dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM, informándose, pola contra, desfavorablemente a incorporación da finca nº 1446 dentro da clasificación e calificación do ZR1, xa que o acceso da finca se localiza na zona prevista de expansión do núcleo e non na zona consolidada.

ALEGACIÓN Nº 112 (Rexistro de entrada nº 1575)
Asinada por D. **ALEJANDRO BLANCO FILGUEIRA**

En relación coa súa disconformidade sobre as aliñacións fixadas no PXOM nun predio da súa propiedade ubicado no lugar de Portobravo, solicitando a corrección de ditas aliñacións.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de eliminar o vial previsto inicialmente polo vento oeste do predio, informándose, pola contra, desfavorablemente o solicitado en relación coas outras aliñacións propostas por entender que resultan necesarias para

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

o desenvolvemento da zona, rexíndose o sistema de cesión de viais na clase de solo no que se ubica o predio (solo de núcleo rural) polas regras fixadas no artigo 171 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

ALEGACIÓN Nº 113 (Rexistro de entrada nº 1576)
Asinada por D. **ANTONIO IGLESIAS ABEIJÓN**

En relación coa incorporación completa das fincas nº 1604, 1565, 1405 e 1407 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2, así como a eliminación da cualificación de zona verde dun predio ubicado no mesmo lugar.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación no sentido de incorporar as fincas nº 1604 e 1565 dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2 por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM, informándose, pola contra, desfavorablemente a incorporación a esta mesma clase de solo das fincas nº 1405 e 1407, xa que esas fincas non foron consideradas como susceptibles de ser clasificadas como tal nun informe emitido pola COTOPV con data 30/01/03.

Polo que se refire ó predio ubicado no entorno do Concello e a Casa de Cultura a cualificación prevista nunha parte do mesmo segue a ser dotacional, estando prevista en calquera caso a súa obtención mediante calquera dos procedimentos sinalados no artigo 173 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a saber: expropiación forzosa, convenio urbanístico entre a administración e os propietarios ou permuta forzosa.

ALEGACIÓN Nº 114 (Rexistro de entrada nº 1577)
Asinada por D. **FERNANDO IGLESIAS ABEIJÓN**

En relación coa incorporación completa da finca nº 1604 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 115 (Rexistro de entrada nº 1578)
Asinada por D. **FRANCISCO POSE EIRAS**

En relación coa incorporación completa da finca nº 1567 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 116 (Rexistro de entrada nº 1579)
Asinada por D. **JOSÉ IGLESIAS ABEIJÓN**

En relación coa incorporación completa da finca nº 1604 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 117 (Rexistro de entrada nº 15 80)
Asinada por D. **ROBERTO GÓMEZ CASTRO**

En relación coa incorporación completa da finca nº 1410 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase desfavorablemente o solicitado na alegación, xa que esa finca non foi considerada como susceptible de ser clasificada como núcleo rural nun informe emitido pola COTOPV con data 30/01/03.

ALEGACIÓN Nº 118 (Rexistro de entrada nº 1581)
Asinada por D. **SAMUEL ROO CHOUZA**

En relación coa incorporación completa das fincas nº 1534, 1535 e 1589 do plano de concentración parcelaria de Lousame, no lugar de Portobravo, dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación, no sentido de incorporar as fincas nº 1534 e 1535 dentro da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR2, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

No que se refire á finca nº 1589, infórmase desfavorablemente pasando a clasificarse a mesma como solo rústico, xa que a Subdirección Xeral de Estradas emitíu un informe no que se sinala da necesidade de recortar a delimitación do solo de núcleo rural nesa zona co fin de evitar novos accesos directos á estrada autonómica.

ALEGACIÓN Nº 119 (Rexistro de entrada nº 1582)
Asinada por D. **RAMÓN GARCÍA CONDE**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado a un predio do lugar de Sedofeito.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 120 (Rexistro de entrada nº 1585)
Asinada por D. **RICARDO MOLEDO RESÚA**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural a dous predios do lugar de A Barreira.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 121 (Rexistro de entrada nº 1586)
Asinada por D. **RAMÓN GARCÍA CONDE**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural dun predio do lugar de A Silva co fin de que as edificacións existentes non queden en situación de fóra de ordenación, permitíndose a posible ampliación das mesmas.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 122 (Rexistro de entrada nº 1587)
Asinada por D. **PEREGRINO LOBAGUEIRA SERVIA**

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado e cualificado como ZR1 nun predio do lugar de Sanguiñal.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 123 (Registro de entrada nº 1588)

Asinada por D^a. **ROCÍO GARCÍA CASTRO**

En relación coa incorporación como zona verde e espazos libres da área que bordea os ríos Vilacoba e Pesqueira, así como a ampliación da zona verde de San Mamede.

INFORME:

No que se refire á incorporación como zona verde e espazos libres da área que bordea os ríos Vilacoba e Pesqueira infórmase desfavorablemente, xa que tal cualificación implicaría a obtención deses terreos por parte do Concello para ese fin, algo que sería desexable pero que economicamente non sería viable no horizonte dos oito anos programados do PXOM. En calquera caso, entendemos que a cualificación prevista para a área sinalada (rústico especialmente protexido de augas) garantiza a protección das ribeiras dos ríos e a súa posible obtención futura como zona de esparcemento da cidadanía.

No que se refire á incorporación como zona verde e espazos libres dunha área do Parque de San Mamede recóllese no documento a ampliación de dita zona cara ós penedos ubicados ó oeste da zona anteriormente delimitada, xa que foi un erro gráfico a non inclusión deses penedos pois realmente forman parte do parque.

ALEGACIÓN Nº 124 (Registro de entrada nº 1589)

Asinada por D^a. **MERCEDES BLANCO CALO**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural non consolidado a dous predios do lugar de Marracín de Arriba.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 125 (Registro de entrada nº 1590)

Asinada por D^a. **M^a ROSA DEL PILAR FREIRE CAROU**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado e cualificado como núcleo rural consolidado a un predio do lugar de Berrimes.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN DE LOUSAME

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM.

ALEGACIÓN Nº 126 (Rexistro de entrada nº 1601)
Asinada por D. **MANUEL BLANCO FILGUEIRA**

En relación coa ampliación da delimitación do solo clasificado como núcleo rural ata un predio do lugar de Béxeres, así como a inclusión dun predio do lugar de Portobravo, ben dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo, ben dentro da delimitación do solo clasificado como urbanizable non delimitado de uso residencial.

INFORME:

Infórmase favorablemente o solicitado na alegación, no sentido de incorporar parte do predio do lugar de Béxeres dentro da delimitación do solo clasificado como núcleo rural, por considerar que a petición resulta conforme cos obxectivos e criterios do PXOM. Así mesmo, infórmase favorablemente a incorporación ó solo clasificado como urbanizable non delimitado do predio ubicado no lugar de Portobravo, polas mesmas razóns.